



Facultade de Bioloxía

Universidade de Santiago de Compostela

PLAN ESTRATÉGICO DE CENTRO. 2024-2026

FACULTADE DE BIOLOXÍA

Control da elaboración e da aprobación

Fase	Unidade/órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía	07/03/2024
Revisado por	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	27/09/2024
Aprobado por	Xunta da Facultade de Bioloxía	21/11/2024
Aprobado por	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno	29/11/2024

INDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. A FACULTADE DE BIOLOXÍA	3
2.1. Orixe do centro	3
2.2. Catálogo actual de titulacións	3
2.3. Grupos de investigación actuais	4
2.4. Sistema de Garantía da Calidade (SCG)	6
3. MISIÓN, VISIÓN E VALORES DO CENTRO	9
3.1. Misión	9
3.2. Visión	9
3.3. Valores	9
4. LIÑAS ESTRATÉXICAS (LE)	11
4.1. LE1: Estudantado e comunidade universitaria	11
4.2. LE2: Formación e docencia no novo contexto	12
4.3. LE3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade	13
4.4. LE4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)	15
4.5. LE5: Relacións coa Sociedade	16
4.6. Correlación entre as LE do Centro e as LE da USC	17
5. DIAGNOSE ESTRATÉXICA	18
5.1. LE1: Estudantado e comunidade universitaria	18
5.1.1. Análise DAFO	18
5.1.2. Análise CAME	19
5.2. LE2: Formación e docencia no novo contexto	20
5.2.1. Análise DAFO	20
5.2.2. Análise CAME	21
5.3. LE3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade	22
5.3.1. Análise DAFO	22
5.3.2. Análise CAME	23
5.4. LE4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)	24
5.4.1. Análise DAFO	24
5.4.2. Análise CAME	25
5.5. LE5: Relacións coa Sociedade	26
5.5.1. Análise DAFO	26
5.5.2. Análise CAME	27
6. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS (OE)	28
6.1. Introducción aos obxectivos estratéxicos. Cadro de mando	28
6.2. LE1: Estudantado e comunidade universitaria	36
6.2.1. OE 1.1.: Dinamización da facultade	36
6.2.2. OE 1.2.: Promoción de hábitos de economía circular	38
6.3. LE 2: Formación e docencia no novo contexto	39
6.3.1. OE 2.1.: Reforzar a función docente do PDI	39
6.3.2. OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado	42

6.4. LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade	45
6.4.1. OE 3.1.: Reforzamento da actividade investigadora	45
6.5. LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)	49
6.5.1. OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC	49
6.5.2. OE 4.2.: Mellorar a información dos/as egresados/as	51
6.6. LE 5: Relacións coa Sociedade	53
6.6.1. OE 5.1.: Potenciar a divulgación, promoción e difusión	53
6.6.2. OE 5.2.: Reforzar as relacións co COBGA	55
7. DESENVOLVEMENTO DO PE	56
7.1. Comisión responsable da elaboración do PE	56
7.2. Participación dos grupos de interese na elaboración do PE	57

1.- INTRODUCCIÓN

Este documento constitúe o Plan Estratégico (PE) da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o período 2024-2026.

O PE forma parte dos documentos do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía. A implantación do SGC foi certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) o 25 de xuño de 2018. O Centro tamén recibiu o 28 de xaneiro de 2019 a Acreditación Institucional por Resolución do Consejo de Universidades, dependente da Secretaría General de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. O 3 de outubro de 2023 tivo lugar a visita da Comisión de Avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en relación coa renovación do certificado de implantación de SGC (PROGRAMA FIDES AUDIT). O informe final da auditoría foi desfavorable, o que implica que perderase a certificación de implantación do SGC e tamén a Acreditación Institucional.

A Facultade de Bioloxía contou cun Plan Estratégico 2017-2020 (PE), finalizado en decembro de 2020. De acordo coa resolución reitoral do 7 de outubro de 2020, na reunión da Comisión de Calidade do Centro (CCC) celebrada o 15 de decembro de 2020 acordouse estender a vixencia do PE ata 2022, seguindo o procedemento simplificado recomendado pola ACMP da USC (Prórroga do PE da Facultade de Bioloxía 2021-2022). Dita prórroga foi revisada pola ACMP o 16 de decembro de 2020, aprobada por Xunta de Facultade o 22 de xaneiro de 2021, e finalmente aprobada pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 3 de marzo de 2021. Dita prórroga do PE tiña como vixencia dende o 3 de marzo de 2021 ata o 3 de marzo de 2022. En abril de 2022, na memoria de calidade 2020/21, propúxose como acción de mellora AM-01 a “Elaboración do Plan Estratégico da Facultade de Bioloxía 2023-2026”. Sen embargo, a falta de PE da USC fixo que dita acción de mellora tivese que ser prorrogada. Finalmente, o 17 de xaneiro de 2024 a CCC puxo en marcha o proceso de elaboración do PE 2024-26.

Debido á falta de PE 2024-2026 da USC cando foron iniciados os traballos de elaboración do PE do centro por parte da Comisión de Calidade, tanto as liñas estratéxicas como os obxectivos que as desenvolven foron aliñados coa [Programación Plurianual 2023-2026](#), as [Liñas Xerais da Programación Plurianual 2023-2026](#) da USC,

ademais de seguir as recomendacións da Guía para a elaboración do Plan Estratégico de Centro 2024 – 2026, elaborada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. Entre o 28/02/2024 e o 06/03/2024 fíxose a exposición pública da proposta inicial elaborada pola CCC para asegurar a participación de todos os grupos de interese, incluíndo o [Comité Consultivo do Centro](#) (proceso PS-06, Información pública), constituído por persoal externo a Facultade de Bioloxía de diversos ámbitos profesionais e que valorou moi positivamente o PE. A elaboración final do PE do centro foi aprobada pola CCC na súa reunión do 07 de marzo de 2024. Posteriormente foi informado positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) o 27 de setembro de 2024, e aprobado pola Xunta de Facultade de Bioloxía o 21 de novembro de 2024. A aprobación final do PE foi realizada pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 29 de novembro de 2024.

Si ben o ámbito temporal de actuación deste PE é moi curto (2 anos), o seu obxectivo xeral é promover o desenvolvemento integral do centro a través da excelencia na docencia, a investigación, e a calidade institucional, fortalecendo a implicación da comunidade universitaria e a súa relación coa sociedade. No documento faise unha fonda reflexión acerca das forzas, debilidades, oportunidades e ameazas que ten actualmente o Centro e se recollen as principais liñas estratéxicas, cos seus correspondentes obxectivos, que deben guiar a xestión da Facultade de Bioloxía durante os próximos anos. Nestas liñas estratéxicas plásmanse os avances nos que debese traballar e que afectan á propia Universidade e aos diferentes grupos de interese, tanto internos (estudantes, profesores, investigadores, e persoal de servizo e administración do Centro) como externos (futuros estudantes e as súas familias, egresados, contorno empresarial e á sociedade en xeral).

2.- A FACULTADE DE BIOLOXÍA

2.1.- Orixe do centro

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela é un centro universitario que desenvolve as súas funcións como servizo público mediante a actividade docente, de estudo e investigación para a creación, desenvolvemento e transmisión crítica da ciencia e da cultura, coa finalidade de preparar para o exercicio das actividades profesionais nos ámbitos da Bioloxía.

Foi creada en 1977 ao amparo do Decreto 1975/1973, de 26 de xullo (OM de 14 de outubro/BOE/11-XI-77) e na actualidade as súas dependencias están localizadas no edificio da Facultade de Bioloxía e no Centro de Investigacións Biolóxicas da USC (CIBUS), vinculado parcialmente a ela; ambos edificios están situados no Campus Vida. A Facultade de Bioloxía organízase ao redor de 11 áreas de coñecemento pertencentes a 7 departamentos. Tanto na Facultade de Bioloxía como no CIBUS, ademais das aulas, laboratorios e biblioteca, ofrécense espazos de encontro como os locais das Asociacións de Estudantes, salas polivalentes, salón de grao, salas de conferencias, salón de actos e cafetería, esta última compartida coa Facultade de Matemáticas. Trátase dunha contorna na que se promove a formación universitaria integral e que dispón dunha oferta formativa de grao e posgrao enmarcada nas directrices do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e orientada a satisfacer as necesidades da demanda social.

2.2.- Catálogo actual de titulacións

2.2.1.- Graos

Actualmente (curso 2023-24) na Facultade de Bioloxía impártense os seguintes graos:

- Grao en Bioloxía (1ª ed) (GB). Código RUCT 5600116; código USC G1021V01. Coordinado pola Facultade de Bioloxía da USC (en extinción)
- Grao en Bioloxía (2ª ed) (GB). Código RUCT 2504140; código USC G1022V01. Coordinado pola Facultade de Bioloxía da USC
- Dobre Grao Química Bioloxía (1ª ed) (GQB); código USC G6051V01. Coordinado pola Facultade de Química da USC (en extinción)

- Dobre Grao Química Bioloxía (2ª ed) (GQB), código USC G6052V01. Coordinado pola Facultade de Química da USC.
- Grao en Biotecnoloxía (GBT). Código RUCT 2503766; código USC G1052V01. Coordinado pola Facultade de Bioloxía da USC

No curso 2024-25 implantaranse a 3ª Edición do Grao en Bioloxía e a 2ª Edición do Grao en Biotecnoloxía, actualmente en período de avaliación pola axencia de calidade, adaptadas ao RD822/2021 que establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade.

2.2.2.- Mestrados

Actualmente (curso 2023-24) na Facultade de Bioloxía impártense os seguintes mestrados interuniversitarios, participando as tres universidades do SUG (USC, UVigo, UDC):

- Máster Universitario en Acuicultura (3ª ed.) (MA). Código RUCT 4310351; Código USC P1073. Coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela
- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión (MBio). Código RUCT 4313638; Código USC P1241. Coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela
- Máster Universitario en Neurociencia (2º ed.) (MN). Código RUCT 5310595; Código USC P2012. Coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela
- Máster Universitario en Bioloxía Mariña (MBM). Código RUCT 5600116; Código USC P1171. Coordinado pola Universidade de Vigo.
- Máster Universitario en Bociencias Moleculares (1ª ed.). Código RUCT: 3500266; Código USC P1282V01. Coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela.

2.2.3.- Programas de doutoramento dos departamentos adscritos a Facultade

- [Programa de Doutoramento en Biodiversidade e Conservación do Medio Natural](#)
- [Programa de Doutoramento en Medio Ambiente e Recursos Naturais](#)

2.3.- Grupos de investigación actuais

2.3.1.- DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA FUNCIONAL (ADSCRITO A FACULTADE)

- [BIOTEC \(Biotecnoloxía\)](#)
- [NEURODEVO \(Desenvolvemento e rexeneración do sistema nervioso de peixes\)](#)
- [ECOTOX \(Ecotoxicoloxía e Ecofisioloxía Vexetal\)](#). Algúns dos seus investigadores están adscritos ao Centro Singular CRETUS (Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais).

2.3.2.- DEPARTAMENTO DE BIOQUÍMICA E BIOLOXÍA MOLECULAR

- [BioLinfo \(Bioloxía do Linfocito\)](#). Os membros deste grupo están integrados dentro do grupo de investigación TRIAD do IDIS
- [SISMOL \(Sistemática Molecular\)](#)
- [GI-1196 \(Protimosina\)](#)

2.3.3.- DEPARTAMENTO DE BOTÁNICA (ADSCRITO A FACULTADE)

- [ACBiodiv \(Análise e Conservación da Biodiversidade\)](#)
- [BIOAPLIC \(Biodiversidade e Botánica Aplicada\)](#)

2.3.4.- DEPARTAMENTO DE EDAFOLOXÍA E QUÍMICA AGRÍCOLA (ADSCRITO A FACULTADE)

- [Ambiosol \(Cartografía de solos e paisaxe,físico-química, degradación e recuperación de solos e augas\)**](#)
- [Calidade do Solo \(Avaliación da Calidade do Solo\)**](#)
- [EcoPTXASt \(EcoPTXASt\)**](#)
- [GEMAp \(Grupo de estudos medioambientais aplicados ó patrimonio natural e cultural\)**](#)

**Algúns membros destes grupos están adscritos ao Centro singular CRETUS.

2.3.5.- DEPARTAMENTO DE FISIOLOXÍA

- [NeuroSist \(Neurociencia de Sistemas\)](#)

2.3.6.- DEPARTAMENTO DE MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA

- [DITAPREIN \(Biotecnoloxía para a diagnose, tratamento e prevención das enfermidades infecciosas\)](#). A adscrición dos investigadores principais do grupo corresponde ao Instituto de Acuicultura (IA) ou ao Instituto de Análise Química e

Biolóxica (IAQBUS). Está dentro da Agrupación Estratéxica en Xestión e Produción sustentable de Biorrecursos (BioReDes)

- [GIPA \(Grupo de Investigación de Patoloxía na Acuicultura\)](#). A adscrición dos investigadores principais do grupo corresponde ao Instituto de Acuicultura (IA) ou ao Centro singular CRETUS. Está dentro da Agrupación Estratéxica en Xestión e Produción sustentable de Biorrecursos (BioReDes)

2.3.7.- DEPARTAMENTO DE ZOOLOXÍA, XENÉTICA E ANTROPOLOXÍA FÍSICA (ADSCRITO A FACULTADE)

- [BIOMAR \(Biodiversidade e recursos mariños\)](#)
- [BiBiCI \(Biodiversidade, Bioxeografía e Conservación Integrativa\)](#). É un grupo interdepartamental, con membros pertencentes á área de Ecoloxía do Departamento de Bioloxía Funcional. Dous IP do grupo están asociados ao Centro singular CRETUS.
- [BIOMOLXEN \(Bioloxía Molecular e Xenética de Poboacións\)](#)
- [HIDROBIOL \(Laboratorio de Hidrobioloxía\)](#)
- [ACUIGEN \(Xenética para a acuicultura e a conservación de recursos\)](#). Está dentro da Agrupación Estratéxica en Xestión e Produción sustentable de Biorrecursos (BioReDes)

2.4. Sistema de Garantía da Calidade

No Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía interveñen tanto os órganos de goberno unipersoais (Vicedecano responsable de Calidade e Coordinadores dos Títulos), o Equipo Decanal, as Comisións dos Títulos coordinados polo centro e a Comisión de Calidade do Centro (CCC). As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGC poden consultarse no [Manual do SGC](#) e no [RRI](#) da Facultade de Bioloxía. Os órganos do SGC son os seguintes: Comisión de Calidade do Centro, Comisión do título de Grao en Bioloxía, Comisión do título do Grao en Biotecnoloxía, Comisión Académica do Máster en Neurociencia, Comisión Académica do Máster de Acuicultura, Comisión Académica do Máster de Bioloxía Mariña, e Comisión Académica do Máster Biodiversidade Terrestre. As composicións de todas estas comisións poden consultarse na páxina web da Facultade de Bioloxía, no apartado [Órganos do Sistema de Garantía da Calidade](#). No

nivel mais elevado está a Xunta de Facultade, que é o órgano colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da Memoria de Calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A [Política de Calidade da Facultade de Bioloxía](#) mantense vixente e actualizada. A dirección da Facultade de Bioloxía adquiriu o compromiso permanente coa mellora continua no **documento de política de calidade** asinado polo Decano o día 17 de abril de 2023, unha política proposta polo equipo decanal e aprobada pola Xunta de Facultade. Dita Política de Calidade está accesible na web do centro para o coñecemento dos distintos grupos de interese e da sociedade en xeral. A vixencia da Política de Calidade da Facultade de Bioloxía púxose de evidencia a través da [Certificación da Implantación](#) do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) de xuño de 2018 pola ACSUG, así como a [Acreditación Institucional](#) do Centro por Resolución do *Consejo de Universidades* dependente da *Secretaría General de Universidades* do *Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades* (resolución de 28 de xaneiro de 2019). Sen embargo, como xa se comentou, o 3 de outubro de 2023 tivo lugar a visita da Comisión de Avaliación da ACSUG (PROGRAMA FIDES AUDIT), que emitiu un informe final desfavorable (2/07/2024). Isto implica que actualmente perdeuse a certificación de implantación do SGC, e tamén con toda seguridade a Acreditación Institucional.

Ademais, a Facultade de Bioloxía é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario. Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico), a Facultade elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Facultade dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e, co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo. Por todo iso, a Facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios: **i) Responsabilidade:** proporcionar unha formación dirixida cara á

excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos/as nosos/as usuarios/as e da sociedade en xeral; **ii) Integración, participación e igualdade:** esta facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos/as participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas, garantindo para iso a accesibilidade, a participación e a igualdade; **iii) Orientación ao alumnado:** este centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumnado entendendo que é o principal receptor deste; **iv) Excelencia:** o traballo desta Facultade realízase tendo como meta acadar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas; **v) Transparencia:** Esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese. Este compromiso foi renovado por última vez o 17 de abril de 2023.

3.- MISIÓN, VISIÓN E VALORES DO CENTRO

3.1.- Misión

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela é una institución pública que atopa a súa razón de ser na procura da excelencia na preservación, xeración, transmisión e difusión do coñecemento de xeito socialmente responsable. Isto faise mediante a formación de científicos/as de calidade e profesionais altamente cualificados no ámbito da bioloxía capaces de afrontar os retos dunha sociedade en continuo cambio. O compromiso coa sociedade materialízase na formación destes profesionais que devolverán, mediante os seus servizos, o que esta investiu na súa formación a través do financiamento público da universidade

3.2.- Visión

A visión da Facultade de Bioloxía e contar cunha oferta de títulos atractiva, actualizada, diversa, en consonancia co desenvolvemento socioeconómico da contorna e as demandas da sociedade que a finanza. Esta oferta será quen de captar a estudantes cun elevado rendemento académico e que teñan unha gran motivación. Tamén aspira a ser unha Facultade de Bioloxía de recoñecido prestixio nacional, que chegue a ser un referente e que destaque pola súa solvencia académica con estudantes que amosen elevadas taxas de éxito nos seus estudos e egresados/as cunha alta taxa de inserción laboral. Por outra banda, persegue ser unha facultade cunha actividade investigadora recoñecida que responda ás demandas da contorna e a criterios de excelencia científica que a proxecten internacionalmente. Finalmente mantén o propósito de ser unha facultade participativa na que todas as estratexias estean centradas nas persoas, nas súas competencias e condicións de traballo, para conseguir que todo o seu persoal estea altamente cualificado e motivado.

3.3.- Valores

A Facultade de Bioloxía cumpre as súas funcións tendo en conta valores éticos como: o compromiso e responsabilidade social, a conciencia ambiental, o pensamento crítico, a integridade, a transparencia na información e nos procesos, a atención ás persoas con discapacidade e á igualdade de xénero. Entre os seus valores profesionais destaca a cultura da calidade e a mellora continua. Considéranse os valores máis destacables do Centro os seguintes: **i)** a preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade; **ii)** a procura permanente da mellora en todas as actividades universitarias;

iii) o compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida; **iv)** o compromiso cun desenvolvemento sostible, coa equidade e coa eliminación de todo tipo de discriminacións; e **v)** o compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao desenvolvemento social e económico de Galicia.

4.- LIÑAS ESTRATÉXICAS (LE)

O PE da Facultade de Bioloxía 2024-2026 estruturarase en 5 liñas estratéxicas (LE). Catro delas son unha continuación de LE xa existentes nos plans estratéxicos previos da Facultade de Bioloxía (PEC 2017-2020 e prórroga PEC 2021-2022), e soamente unha LE (LE 1, estudantado e comunidade universitaria) é totalmente nova. As tres primeiras LE definidas están en consonancia coas liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC, namentres que as dúas últimas son propias da Facultade de Bioloxía (LE 4, Sistema de Garantía de Calidade do Centro; LE 5, Relacións coa sociedade).

4.1.- LE 1: Estudantado e comunidade universitaria

Esta LE correspóndese coa liña xeral 1 da programación plurianual da USC, e non estaba presente nos PE previos da Facultade de Bioloxía. Proponse pola necesidade de construír unha facultade con maiores cotas de participación, onde se mellore as relacións cos departamentos adscritos e non adscritos a Facultade con docencia nas nosas titulacións e tamén co Persoal Técnico de Xestión, Administración e Servizos (PTXAS). Con esta LE a Facultade de Bioloxía pretende apoiar, na medida das súas posibilidades, a renovación e capacitación/formación do Persoal Docente e Investigador (PDI) e PTXAS (cantidade, capacidade, formación, etc). Tamén será importante reforzar o papel das asociacións estudantís da Facultade, algunhas xa desaparecidas como “BioSant” e outras como “Bota e Bata” en franco retroceso despois da situación de pandemia vivida nos anos anteriores e a falta de relevo xeracional. Finalmente, outra razón importante que xustifica esta LE é dinamizar a vida da facultade e promover unha visión máis integral da educación, con actividades de formación complementaria que van máis aló de aquelas relacionadas coa docencia regulada, como diversas actividades científicas, culturais e deportivas. O obxectivo é recuperar actividades que se viñan realizando na facultade pero que se perderon nos últimos anos por diversas causas, xerando outras novas, promover o uso de diferentes linguas, inculcando hábitos de economía circular, ou impulsando proxectos culturais que sexan de interese para todos os membros da facultade, facéndoas extensivas ao resto da universidade e a sociedade.

4.2.- LE 2: Incrementar a calidade na docencia.

Esta LE corresponde coa liña xeral 2 da programación plurianual da USC, “formación e a docencia no novo contexto”, e xa estaba presente nos PE previos da Facultade de Bioloxía (Incrementar a calidade na docencia). Xurde pola necesidade de estar mellorando de xeito continuo a calidade na docencia no centro, unha actividade a docente que se enfrenta a novos retos, como poden ser o xurdimento da intelixencia artificial e o impacto das novas metodoloxías de ensino e avaliación.

O incremento da calidade parece que non virá no curto prazo pola vía do aumento do número das titulacións existentes debido, entre outras razóns, as constricións impostas polo calendario académico ou a dispoñibilidade de espazos físicos e persoal docente/investigador na facultade, senón pola potenciación da calidade docente nas titulacións xa existentes. Por este motivo, compre facer unha avaliación da oferta docente tendo en conta as necesidades do mercado laboral, mantendo o compromiso coa formación de máxima calidade, actualizando/robustecendo as titulacións, potenciando a innovación docente, facendo os axustes precisos para mellorar o seu funcionamento e adaptándoas ás necesidades do tecido empresarial e da sociedade en xeral. Será necesario continuar coas melloras nos procesos de orientación e seguimento do alumnado, ou incrementar o grao de formación en competencias dixitais.

Como parte deste proceso de mellora da formación académica do noso alumnado e co fin de facilitar a empregabilidade dos egresados/as é necesario tamén acometer unha serie de medidas como reforzar o papel asesor do Comité Consultivo externo da Facultade, establecer un maior número de vínculos de colaboración co mundo empresarial (p. ex., Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia/Bioga, Asociación de Medicina de la Industria Farmacéutica/AMIFE, etc), potenciar unha colaboración máis activa coa Asociación de Biotecnólogos de Galicia (GalBioTec), ou revitalizar as relacións co Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA), promovendo accións de orientación laboral ou de apoio ao recoñecemento da profesión de Bioloxía Sanitaria/Ambiental ou do Biotecnólogo.

Outra cuestión importante que pretende acometer esta liña estratéxica é estimular a internacionalización e intercambio de estudantes a través dun maior número de convenios, xa que a mobilidade de estudantes é baixa na nosa facultade, especialmente no Grao de Biotecnoloxía. Tamén é importante seguir a incrementar o número de convenios de prácticas en empresa, particularmente no Grao de Biotecnoloxía, e mellorar as infraestruturas dedicadas a docencia (estado das aulas e laboratorios, dotación en medios audiovisuais e infraestruturas dos laboratorios) e os recursos

económicos cos que se dotan as prácticas en laboratorios e de campo. Finalmente, consideramos que é necesario implicar máis nos procesos formativos dos estudantes á Rede de Estacións Biolóxicas da USC (REBUSC).

4.3.- LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade.

Esta LE correspóndese coa liña xeral 4 da programación plurianual da USC, “A investigación e innovación como motor do desenvolvemento”, e xa estaba presente nos PE previos da Facultade de Bioloxía baixo o epígrafe “Potenciar e facilitar a investigación na Facultade”.

O período pandémico puxo de manifesto a importancia da actividade de I+D+i para unha sociedade avanzada. Dita actividade ten no PDI das universidades un activo importante, e impacta notablemente noutra responsabilidade deste colectivo: a docente. Sen embargo, á especialización imperante hoxe en día fai que ambas actividades sexan vistas como compartimentos estancos, e non precisamente co mesmo nivel de relevancia. Así, a investigación visualízase como unha actividade que reporta beneficios de distinto tipo (recoñecemento, visibilidade), namentres que a docencia é percibida polo PDI como unha carga as veces, a cal limita a promoción académica e ten pouco recoñecemento profesional e social. Isto da lugar a un modelo no que conviven perfís de investigadores moi activos con situacións totalmente opostas nas que, por diversas causas, o PDI abandonou ou limitou moito a súa actividade investigadora, atopándose privado de incentivos profesionais e fortemente desanimado.

A nosa facultade non é unha excepción ao que acabamos de describir, o cal vese acompañado por unha fragmentación dos grupos de investigación a varios niveis; por exemplo, pola presenza de investigadores/as do mesmo grupo espallados por diferentes centros. Outra é a existencia na Facultade/CIBUS (apartado 2.3) de grupos de investigación potentes vinculados a Centros Singulares de Investigación ou redes impulsadas desde fóra da nosa Facultade xunto a grupos pequenos illados (que investigan no eido medioambiental, biosanitario ou biotecnolóxico) e que, podendo ter unha investigación de bo nivel, non se benefician das sinerxías e vantaxes que presentan estas agrupacións. Isto merma a súa capacidade de captación de investigadores/recursos e produción científica, con falta de recambio xeracional e de motivación e un incremento no risco de desaparecer. A estes problemas súmase a presenza de PDI con praza de profesor e docencia asociadas á Facultade de Bioloxía

que, sen embargo, trasladan as súas investigacións fóra da Facultade. Este fenómeno contribúe á perda de grupos de investigación comentada anteriormente, como tamén o fai o crecente desinterese do estudantado pola investigación e o pequeno número de estudantes de grao, posgrao e doutorandos nos laboratorios da Facultade de Bioloxía/CIBUS. Todo isto coopera á hora de xerar unha patente desigualdade de oportunidades e contribúe a unha perda notable na “biodiversidade” do noso ecosistema investigador.

Outro factor que actúa en contra da capacidade investigadora da facultade de Bioloxía/CIBUS é a elevada carga docente e a excesiva burocratización na xestión da investigación, con procedementos complexos e consumidores de tempo e ausencia de persoal administrativo especializado suficiente de apoio. Non axuda tampouco a escasa dotación económica para facer fronte a reparacións ou recambio de infraestruturas de investigación, a necesidade de novas infraestruturas (p. ex., salas de conxeladores, salas de fitotróns) ou a constante presión externa para ocupar espazos de investigación en detrimento dos grupos propios da facultade.

Reconducir toda esta situación necesitará un esforzo por parte dos diferentes colectivos da facultade (PDI, PTXAS, estudantado) a medio-longo prazo. Por exemplo, mellorando os espazos e infraestruturas na Facultade de Bioloxía e no CIBUS dedicados a investigación, promovendo accións para un mellor coñecemento dos grupos de investigación e das súas actividades de investigación por parte de toda a comunidade da facultade, ou fomentando o establecemento de sinerxías entre os investigadores asociados ao centro cos presentes nos centros singulares da USC e tamén coa Rede de Estacións Biolóxicas da USC (REBUSC). Tamén cómpre aproveitar oportunidades como a crecente interese na sociedade pola protección do medio ambiente e a investigación biomédica/biotecnolóxica, a incorporación de novos investigadores de programas competitivos (p. ex., Investigadores Distinguidos, Ramón y Cajal, Juan de la Cierva) á Facultade/CIBUS (que necesitarán dun entorno axeitado para poder desenvolver os seus proxectos de investigación e grupos) ou impulsar a creación desde a Facultade de novas redes ou centros de investigación.

4.4.- LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC).

Esta LE xa estaba presente nos PE previos baixo a mesma denominación. O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía, cuxa implantación foi certificada pola ACSUG en xuño de 2018, inclúe a metodoloxía necesaria para propiciar a mellora continua do centro, permitindo obter a información necesaria para analizar o funcionamento dos títulos que se imparten, detectando debilidades na implantación dos mesmos e posibilitando deste xeito a formulación de accións de mellora. Desta maneira, a consecución dos obxectivos da política de calidade baséase no proceso sistemático e cíclico de Planificar (*plan*), hacer (*do*), verificar (*check*) e actuar (*act*): Ciclo PDCA ou de *Deming*. Para poder facer isto, os procesos, procedementos e a documentación do SGC da Facultade de Bioloxía deben estar actualizados. Isto é necesario por exemplo no caso do documento de protocolos propios do SGC do Centro e tamén dos Manuais de Procesos e do SGC, que necesitan ser reformados a medio prazo para incorporar por exemplo os protocolos propios. Todas estas modificacións serán necesarias para o mantemento ao medio e longo prazo da Acreditación Institucional do Centro, dependente do *Consejo de Universidades, Secretaría General de Universidades* do *Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades*.

Por outro lado, o/a responsable de calidade do centro (RCC) é a persoa encargada do correcto funcionamento do SGC. As funcións do/a RCC son asumidas polo Vicedecano/a de calidade no caso da Facultade de Bioloxía. Estas funcións inclúen, entre outras: a) a elaboración da memoria de calidade; b) coordinar o funcionamento da Comisión de Calidade do Centro (CCC) e a labor dos coordinadores/as de título (CT) de grao (2) e mestrado (4); c) realizar propostas á CCC para mellorar o SGC do Centro; d) servir de interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP); e) garantir a actualización da documentación do SGC na páxina web do Centro; ou f) trasladar á CCC e á/s comisión/s de título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese. En todos estes procesos o/a RCC é asistido polo resto do Equipo de Dirección (ED) do centro, polos membros da CCC, e polos CT. Sen embargo, a excesiva burocracia asociada aos procesos de xestión da calidade (que recae sobre o RCC), á notable carga de traballo que implican tamén os procesos de coordinación dos títulos de grao impartidos na facultade (que implica aos CT) e o feito de que nalgúns casos ambas funcións conflúen a veces na mesma persoa, fai necesario buscar xeitos de mitigar ese problema. Unha posibilidade é a creación do posto de coordinador/a de calidade, unha persoa nomeada

pola/o decana/o da Facultade entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio á/ao RCC, así como implicar a máis membros da Xunta de Facultade nos procesos de calidade. Outro aspecto que é necesario seguir a mellorar son os procesos de coordinación horizontal e vertical dentro das titulacións impartidas na facultade e o grao de éxito das titulacións existentes na facultade (especialmente en comparación cas do resto do estado) e dos nosos egresados. Finalmente, cómpre modificar o Regulamento de Réxime Interno (RRI) da Facultade, xa que no seu artigo 1 fai referencia á LOMLOU cando debería facer referencia á Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario (LOSU).

4.5.- LE 5: Relacións coa sociedade.

Esta LE non ten correspondencia coas liñas xerais da programación plurianual da USC, pero xa estaba presente nos PE anteriores da Facultade de Bioloxía (relacións coa sociedade). Uns dos problemas que se detectan na facultade é a escasa proxección que teñen as actividades que se realizan nela sobre a poboación en xeral. Un exemplo destas actividades é a participación do Centro no programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”, que serve para mellorar a difusión das actividades docentes e investigadoras que se realizan na Facultade de Bioloxía entre o profesorado e o alumnado dos distintos centros de ensino secundario de Galicia. Distintos departamentos da Facultade de Bioloxía tamén acollen alumnos/as de formación profesional de diferentes especialidades que realizan as prácticas profesionais nos seus laboratorios. Ademais, a Facultade tamén participa na Fase Autónoma Galega da Olimpíada de Bioloxía, organizada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA e a Asociación Olimpíada Española de Biología (OEB), así como está a organizar o “OutonoBioFest” e o curso de verán “A Bioloxía das Pequenas e Grandes Cousas”, dúas actividades abertas á sociedade. Sen embargo, cómpre seguir a profundar na participación da Facultade no programa A Ponte e outros programas de colaboración con ensino secundario, acadar unha maior presenza da facultade na sociedade local a través de colaboracións con diferentes asociacións (Alumni, Ateneo, etc.) para organizar actividades de divulgación da actividade da facultade, reforzar a dispoñibilidade pública de toda a información relevante para os diferentes grupos de interese, ou fomentar o uso de redes sociais, xa que a visibilidade que ten a facultade a través destas últimas (Facebook, Twitter/X, Instagram, etc) é todavía pequena.

4.6.- Correlación entre as LE do Centro e as LE da USC.

Como xa se comentou, o PE da Facultade de Bioloxía foi elaborado pola CCC e viu a luz o 07/03/2024. A falta de PE 2024-2026 da USC cando comezaron os traballos da CCC no PE 2024-2026 da Facultade de Bioloxía, esta comisión aliñou as liñas estratéxicas coa [Programación Plurianual 2023-2026](#), as [Liñas Xerais da Programación Plurianual 2023-2026](#) da USC e coa Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024 – 2026, elaborada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. No Consello de Goberno do 25 de Xuño de 2024 aprobouse finalmente o Plan Estratéxico 2024-2026 da USC, constituído por 8 liñas estratéxicas. O informe técnico sobre o PE 2024-2026 da Facultade de Bioloxía, remitido pola Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internalización do 27/09/2024, fixo unha serie de observacións, entre as cales se atopaba a inclusión dunha táboa e unha explicación da correlación entre as liñas estratéxicas do Centro e as do Plan Estratéxico da USC. Polo tanto, decidiuse a incorporación ao Plan Estratéxico da seguinte táboa:

LIÑAS ESTRATÉXICAS-USC	LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO -BIOLOXÍA
LE1- Estudantado e a comunidade universitaria	LE1- Estudantado e comunidade universitaria LE5- Relacións coa Sociedade
LE2- Formación e docencia no novo contexto	LE2- Formación e docencia no novo contexto
LE3- Retos na política de persoal	LE1- Estudantado e comunidade universitaria LE4- Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)
LE4- Investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e de benestar	LE3- Potenciar a investigación na Facultade
LE5- Senda da internacionalización	LE2- Formación e docencia no novo contexto LE3- Potenciar a investigación na Facultade
LE6- Procura de infraestruturas ecoeficientes	
LE7- A USC na era da transformación dixital	LE 2: Formación e a docencia no novo contexto

LE8- A xestión eficiente dos recursos	LE4- Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)
---------------------------------------	--

5.- DIAGNOSE ESTRATÉXICA

5.1.- LE 1: Estudantado e comunidade universitaria

5.1.1.- Análise DAFO

	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Condições internas Orientación ao presente	Fortalezas <ul style="list-style-type: none"> • PTXAS e PDI con dedicación a tempo completo, elevada experiencia, gran implicación e maioritariamente estable. • Difusión ao alumnado de toda a información relativa á súa formación (web, redes sociais, pantallas, Plan de Acción Titorial, etc.). 	Debilidades <ul style="list-style-type: none"> • Baixa presenza da facultade en redes sociais • Ausencia de asociacións estudiantís activas. • Baixa adquisición de hábitos de economía circular. • Baixo número de actividades culturais e deportivas que favorezan unha formación máis integral do alumnado. • Implicación desigual, dentro dos grupos de interese, nas actividades de dinamización do centro
Condições externas Orientación ao futuro	Oportunidades <ul style="list-style-type: none"> • Inclusión nunha contorna que favorece as relacións con diversos centros de educación secundaria y universitaria. • Maior participación do alumnado de secundaria no Programa A Ponte do Ensino Medio • Maior número de actividades culturais e deportivas no ámbito da USC. • Maior concienciación ambiental na sociedade 	Ameazas <ul style="list-style-type: none"> • Descenso do número de alumnos/as debido a diversas causas: aspectos socioeconómicos e demográficos, xurdimento de novas titulacións afíns (universitarias, FP) que compitan coas titulacións do noso centro, etc. • Resiliencia ao cambio dentro da universidade nun mundo que cambia rapidamente

5.1.2.- Análise CAME

	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Aproveitar o atractivo do Centro e a experiencia do noso PDI para manter e potenciar a participación en programas que conectan a estudantes de secundaria e bacharelato coa facultade, dándose a coñecer e presentándose como primeira opción para a continuación dos seus estudos. Aproveitar a capacidade de difusión de información para participar en actividades de relación con distintos centros educativos. 	<p>Estratexias correctoras:</p> <ul style="list-style-type: none"> Empregar a nosa capacidade de difusión de información e atractivo do Centro para competir con outras titulacións afíns (FP e universitarias).
Debilidades	<p>Estratexias de acción:</p> <ul style="list-style-type: none"> Aproveitar o Programa A Ponte e a relación cos centros educativos para fomentar a participación dos grupos de interese (PDI, PTXAS, alumnado) en novas actividades (curso de verano, outono biofest, etc) co fin de dinamizar a facultade e revitalizar as asociacións de estudantes. Aproveitar a maior concienciación ambiental na sociedade para promover hábitos de economía circular entre os grupos de interese na facultade. Aproveitar o maior número de actividades culturais/ deportivas na USC e a maior concienciación ambiental na sociedade para aumentar o número de actividades culturais e deportivas e revitalizar as asociacións estudiantís na nosa facultade. 	<p>Estratexias de supervivencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> Actualizar e potenciar a presenza da facultade nas redes sociais para afrontar a competencia das novas titulacións (universitarias, FP) e o descenso na matrícula por cuestións socioeconómicas/ demográficas. Fomentar a implicación dos grupos de interese da facultade en actividades de dinamización dirixidas ao ensino secundario e bacharelato para afrontar o xurdimento de novas titulacións universitarias/ FP afíns.

5.2.- LE 2: Formación e docencia no novo contexto

5.2.1.- Análise DAFO

	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Condições internas Orientación ao presente	<p>Fortalezas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Centro moderno con boas instalacións/equipamento • Profesorado ben cualificado para docencia. • Prestixio e ampla oferta de titulacións atractivas de grao e mestrado no Centro. • Satisfacción e boa valoración xeral dos títulos polos estudantes. • Oferta atractiva de convenios de Prácticas Externas. • Plan de Acción Titorial (PAT) • Atractivo dos graos que se imparten na facultade para a captación de alumnado de novo ingreso con elevado rendemento académico na ABAU e que elixen os títulos de grao impartidos no Centro como primeira opción. 	<p>Debilidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Redución do cadro de persoal docente (PDI) por envellecemento ou xubilacións. • Falta de motivación no PDI para a actualización en metodoloxías docentes e adaptarse a novas contornas tecnolóxicas ao estar a docencia menos incentivada que a investigación. • Carencias formativas dos estudantes egresados en certas destrezas e competencias transversais. • Constricións ocasionadas polo calendario académico. • Escasa asistencia do alumnado a actividades docentes non obrigatorias. • Escasa participación do PDI e alumnado en programas de intercambio
Condições externas Orientación ao futuro	<p>Oportunidades</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sinerxías con institutos de investigación e a Relación coa Rede de Estacións Biolóxicas da USC (REBUSC) • Oferta crecente de cursos de PFID • Comité Consultivo Externo • Relacións con universidades a nivel nacional ou estranxeiro. 	<p>Ameazas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Escaso financiamento para o desenvolvemento de prácticas de laboratorio ou campo • Baixa taxa de reposición ou promoción do profesorado • Burocratización excesiva de todos os procesos da vida académica. • Problemas derivados da aparición das técnicas de IA (plaxio, etc) • Falta de marco normativo para a incorporación do alumnado nos laboratorios de investigación, coa excepción das Bolsas de Colaboración .

5.2.2.- Análise CAME

	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Aproveitar a ampla oferta de titulacións e o seu atractivo para establecer colaboracións na docencia con PDI de universidades nacionais ou estranxeiras. Aproveitar as boas instalacións da facultade para realizar actividades docentes extra-curriculares (wokshops/talleres, charlas, webinars, cursos) en colaboración cos institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC. 	<p>Estratexias correctoras:</p> <ul style="list-style-type: none"> Empregar a boa valoración xeral dos títulos polos estudantes para desenvolver un marco normativo que mellore a súa formación facilitando a súa incorporación aos laboratorios de investigación.
Debilidades	<p>Estratexias de acción:</p> <ul style="list-style-type: none"> Aproveitar a oferta crecente de cursos de PFID para fomentar unha actualización en metodoloxías docentes, destrezas, e competencias transversais do cadro de PDI e poder transmitilas ao alumnado. Aproveitar as relacións con universidades a nivel nacional ou estranxeiro para fomentar a participación do PDI e alumnado en programas de intercambio. Solicitar ao Comité Consultivo externo unha análise de competencias/habilidades demandadas polas empresas aos nosos egresados. 	<p>Estratexias de supervivencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> Reiterar a petición de máis financiamento ao goberno da USC para mellorar a dotación dos laboratorios e potenciar as prácticas de laboratorio/campo con fin de reducir as carencias formativas detectadas nos/as egresados/as. Apoiar as solicitudes de estabilización do PDI contratado (p. ex., Ramón y Cajal) para compensar as xubilacións e a baixa taxa de reposición. Motivar a actualización do PDI en novas metodoloxías docentes tendo en conta a IA.

5.3.- LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade

5.3.1.- Análise DAFO

	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Condições internas Orientación ao presente	Fortalezas <ul style="list-style-type: none"> • Centro moderno con boas instalacións para actividades científicas e congresos. • Relación coa Rede de Estacións Biolóxicas da USC (REBUSC). • Elevada porcentaxe de profesorado ben cualificado para tarefas investigadoras. • Grupos de investigación altamente competitivos en diferentes áreas 	Debilidades <ul style="list-style-type: none"> • Desánimo do PDI debido á sobrecarga de actividades docentes e de xestión. • Desigual interacción dos grupos de investigación co tecido empresarial e grupos externos. • Escasa interacción entre os grupos de investigación da facultade.
Condições externas Orientación ao futuro	Oportunidades <ul style="list-style-type: none"> • Desenvolvemento de sinerxías con centros de investigación de diferentes eidos (ambiental, biosanitario). • Convocatorias para crear centros e institutos de investigación. • Incorporación de novos investigadores de programas competitivos. • Existencia do contactos xa establecidos co Biopolo Sionlla, Bioga e AMIFE. 	Ameazas <ul style="list-style-type: none"> • Escaso financiamento da universidade por parte das institucións públicas, afectando a: <ul style="list-style-type: none"> ○ Taxa de reposición e promoción do PDI. ○ Infraestruturas de investigación. • Burocratización excesiva na xestión da investigación. • Política científica que favorece as grandes grupos de investigación e ignora aos pequenos. • Ocupación de espazos da Facultade por grupos externos

5.3.2.- Análise CAME

	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Aproveitar a relación coa Rede de Estacións Biolóxicas da USC (REBUSC) para desenvolver sinerxías no eido ambiental. Considerando as convocatorias actualmente existentes, estudar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía para fomentar as investigacións interdisciplinarias na nosa facultade. Tirar proveito das boas instalacións e a existencia de grupos altamente competitivos para atraer novos investigadores. 	<p>Estratexias correctoras</p> <ul style="list-style-type: none"> Tendo en conta as boas instalacións da facultade facilitar a redistribución dos espazos de investigación e a mellora das infraestruturas desde a Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos para cubrir as necesidades dos grupos da facultade e afrontar a ocupación por grupos externos.
Debilidades	<p>Estratexias de acción</p> <ul style="list-style-type: none"> Fomentar a relación entre os grupos de investigación da Facultade/CIBUS e sinerxías con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas (Biopolo Sionlla, Bioga, AMIFE). Fomentar a relación entre os grupos de investigación das distintas áreas da Facultade/CIBUS para o desenvolvemento de sinerxias e a obtención de financiamento. 	<p>Estratexias de supervivencia</p> <ul style="list-style-type: none"> Fomentar a relación entre os grupos para conseguir financiación para infraestruturas de investigación (p. ex., salas de conxeladores, salas de fitotróns, etc). Reforzar a Unidade de Xestión para contrarrestar a burocratización excesiva na investigación e descargar ao PDI.

5.4.- LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)

5.4.1.- Análise DAFO

	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Condições internas Orientación ao presente	Fortalezas <ul style="list-style-type: none"> Boa estrutura e funcionamento das comisións de calidade e das comisións dos títulos do centro. 	Debilidades <ul style="list-style-type: none"> Escasa implicación dos grupos de interese no funcionamento do SGC do Centro. Falta de protocolo de coordinación vertical nos títulos de grao Falta de formación específica en cuestións de calidade no PDI e PTXAS encargados do SGC do Centro. Falta de información sobre os estudantes egresados dos diferentes títulos
Condições externas Orientación ao futuro	Oportunidades <ul style="list-style-type: none"> Mantemento da Acreditación Institucional do Centro Posibilidade de crear o posto de coordinador/a de calidade para apoiar ao RCC. Posibilidade de obter financiamento para estudos de calidade realizados por empresas externas 	Ameazas <ul style="list-style-type: none"> Burocratización excesiva nos procesos de calidade. Posibilidade de cambios normativos futuros que impliquen unha actualización dos documentos do SGC e do RRI.

5.4.2.- Análise CAME

Oportunidades		Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo</p> <ul style="list-style-type: none"> • Crear o posto de coordinador/a de calidade para reforzar o funcionamento do SGC co fin de manter a Acreditación Institucional. 	<p>Estratexias correctoras</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reforzamento dos órganos do SGC evitando as duplicidades do persoal que participa nas comisións para compensar a burocratización excesiva nos procesos de calidade e afrontar as actualizacións futuras dos documentos do SGC e do RRI.
Debilidades	<p>Estratexias de acción</p> <ul style="list-style-type: none"> • Creación dun de protocolo de coordinación vertical nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía para incrementar a posibilidade de manter a Acreditación Institucional. • Aproveitar as convocatorias existentes de financiamento para a realización de estudos sobre estudantes egresados (grao e mestrado) • Realizar campañas divulgativas para estudantes e PDI sobre a importancia da participación nas enquisas e no SGC (coordinación, comisións de título, CCC) para corrixir a falta de implicación dos grupos de interese e facilitar o mantemento da acreditación institucional. 	<p>Estratexias de supervivencia</p> <ul style="list-style-type: none"> • Intensificar a relación coa ACMP para mellorar a formación en cuestións de calidade do PDI/PTXAS e anticipar cambios normativos que impliquen unha actualización dos documentos do SGC e do RRI.

5.5.- LE 5: Relacións coa Sociedade

5.5.1.- Análise DAFO

	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Condicións internas Orientación ao presente	Fortalezas: <ul style="list-style-type: none"> • Demanda dos títulos impartidos. • Relación co COBGA. • Transparencia na información. • Organización de actividades de divulgación científica que se ofertan a outros centros da USC ou de ensino secundario. 	Debilidades: <ul style="list-style-type: none"> • Escasa proxección das actividades de divulgación dirixidas á sociedade • Número reducido de actividades específicas para o alumnado de educación primaria • Escasa cultura de coordinación empresa-universidade
Condicións externas Orientación ao futuro	Oportunidades: <ul style="list-style-type: none"> • Prestixio da USC. • Éxito do Programa A Ponte no Ensino Medio. 	Ameazas: <ul style="list-style-type: none"> • Taxa de inserción laboral moderada no Grao de Bioloxía. • Ausencia de profesión regulada e falta de recoñecemento social do biólogo.

5.5.2.- Análise CAME

	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo</p> <ul style="list-style-type: none"> Aproveitar o prestixio da USC para o fortalecemento das actividades de divulgación científica ofertadas polo PDI e estudantes da facultade a outros centros da USC, de ensino secundario, ou á sociedade en xeral. 	<p>Estratexias correctoras</p> <ul style="list-style-type: none"> Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar a regularización profesional dos biólogos ou aumentar as actividades que contribúan a reforzar as taxas de inserción laboral ou o recoñecemento social.
Debilidades	<p>Estratexias de acción</p> <ul style="list-style-type: none"> Aumentar as canles de difusión (web, redes sociais, prensa, pantallas) e aproveitar o éxito de programas como A Ponte do Ensino Medio para lograr unha maior implicación de alumnos e profesores á hora de dar a coñecer súas actividades docente-investigadoras cara a sociedade. Aproveitando o prestixio da USC, colaborar con centros de educación primaria para incrementar as actividades de promoción dos estudos de bioloxía 	<p>Estratexias de supervivencia</p> <ul style="list-style-type: none"> Procura dunha mellor coordinación con empresas con vistas a mellorar as competencias dos egresados e a súa taxa de inserción laboral

6.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS (OE)

6.1.- Introducción aos obxectivos estratéxicos. Cadro de mando

LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO	Obxectivo estratéxico	Período de execución	Acción	Indicador	Meta	SEGUIMIENTO (data)		
						Data final de execución	Porcentaxe de Execución	Observacións
LE 1. Estudantado e comunidade universitaria	OE 1.1. Dinamización da facultade	abril 2024- decembro 2026	AC 1.1.1. Incrementar a participación do PDI e alumnado nas distintas accións do Programa A Ponte	Nº de PDI e de estudantes (titores) da facultade que participan no Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC"	Incremento nun 10% no número de profesores/as e estudantes participantes.			
		abril 2024- decembro 2026	AC 1.1.2. Incrementar o número de actividades culturais e deportivas así como participación dos diferentes grupos de interese da facultade e de fóra dela	Nº de actividades culturais e deportivas realizadas	Incremento nun 20% no número de actividades realizadas			

		abril 2024- decembro 2024	AC 1.1.3. Revitalizar as asociacións estudiantís	Nº de asociacións de estudantes activas na facultade	Manter a asociación de estudantes “Bota e Bata”			
	OE 1.2. Promoción de hábitos de economía circular	abril de 2025- decembro de 2026	AC 1.2.1. Promover hábitos de economía circular	Nº de campañas de concienciación e Nº de espazos equipados con contedores de recollida selectiva de refugallos	Dotar o 100% dos laboratorios para docencia práctica con contedores de reciclaxe selectiva			
LE 2. Formación e docencia no novo contexto	OE 2.1 - Reforzar a función docente do PDI	abril 2024- decembro 2026	AC 2.1.1.: Apoiar desde a Facultade de Bioloxía as solicitudes dos departamentos de estabilización do PDI contratado	Cartas de apoio	O 100% das solicitudes de estabilización de profesorado vaian apoiadas pola Facultade de Bioloxía			
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.1.2.: Organizar actividades docentes dentro das horas expositivas/interactivas das materias en colaboración con grupos e institutos de investigación, REBUSC	Nº de actividades realizadas	Incrementar o número de actividades nun 10%.			

			ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras					
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.1.3.: Fomentar a actualización do PDI en novas metodoloxías docentes, formación en destrezas/competencias e na aplicación da IA na docencia	Nº de actividades de formación realizadas	Incrementar o Nº de actividades de formación realizadas polo PDI nun 10%.			
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.1.4.: Fomentar a participación do PDI en programas de intercambio	Nº de estancias realizadas polo PDI	Incrementar o número de estancias nun 10%.			
	OE 2.2 - Mellorar a formación do alumnado	xuño 2024- decembro 2026	AC 2.2.1. Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas	Elaboración do marco normativo	Elaboración do marco normativo			
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.2.2.: Mellorar o financiamento e as infraestruturas de	Cantidade invertida en prácticas e Nº de	Aumentar nun 10% o financiamento das prácticas e o número de infraestruturas.			

			prácticas (laboratorio/campo)	infraestructuras conseguidas.				
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.2.3.: Fomentar a participación do alumnado en programas de intercambio	Nº de alumnos/as que participan en diferentes programas de intercambio (SICUE, ERASMUS)	Aumentar nun 10% o número de alumnos/as que participan en programas SICUE ou ERASMUS			
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.2.4.: Incrementar a oferta de prácticas externas	Nº de convenios de prácticas externas	Aumentar nun 10% o Nº de convenios de prácticas externas			
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.2.5.: Acción 5: Organizar actividades docentes extra curriculares en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras	Nº de actividades docentes extracurriculares	Incremento do 10% no número de actividades docente extracurriculares			
LE 3. Potenciar e facilitar a	OE 3.1 - Reforzamento	abril 2024-	AC 3.1.1.: Facilitar, na medida do posible, a redistribución dos	Nº de espazos re-assignados e Nº de	Incrementar en polo menos 1-2 o número de infraestructuras			

investigación na Facultade	da actividade investigadora	decembro 2026	espazos de investigación e a mellora das infraestruturas	infraestruturas conseguidas	dispoñibles para investigación na Facultade/CIBUS así como que o 80% das peticións de espazo realizadas polos investigadores á Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazo e Equipamentos sexan atendidas.			
		abril 2024- decembro 2026	AC 3.1.2.: Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación	Nº de accións (Nº de charlas de investigadores do centro ou externos sobre os seus proxectos de investigación, Nº de charlas de empresas biotecnolóxicas, Nº de convocatorias presentadas en conxunto polos	Incrementar nun 10% ditas accións			

				grupos da facultade/CIBUS para a adquisición de infraestruturas científicas, etc).				
		abril 2024- decembro 2025	AC 3.1.3.: Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía	Nº de reunións realizadas entre os investigadores do CIBUS	Explorar a posibilidade de facer unha solicitude de creación dun centro de investigación e, de ser posible, executala			
		abril 2024- decembro 2026	AC 3.1.4.: Atraer novos investigadores á Facultade de Bioloxía/CIBUS	Nº de investigadores principais e os seus grupos de investigación	Incremento en 1-2 investigadores/grupos de investigación			
LE 4. Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)	OE 4.1 - Reforzar o funcionamento do SGC	abril 2024- maio 2025	AC 4.1.1.: Crear o posto de coordinador/a de calidade	Nomeamento	Nomeamento			
		abril 2024- maio 2025	AC 4.1.2.: Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC	Nº de duplicidades eliminadas	Eliminar todas as duplicidades			

		abril 2024- decembro 2026	AC 4.1.3.: Creación dun de protocolo de coordinación vertical nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía	Protocolo de coordinación	Conseguir dous protocolos de coordinación vertical, un para cada Grao			
		abril 2024- decembro 2024	AC 4.1.4.: Intensificar a relación coa ACMP para mellorar a formación en cuestións de calidade do PDI/PTXAS implicados no SGC.	Nº de solicitudes feitas	Compromiso por parte da ACMP de impartir os cursos de formación con certa regularidade			
	OE 4.2 - Mellorar a información dos/as egresados/as	abril de 2024- decembro de 2026	AE 4.2.1.: Aproveitar as convocatorias existentes de financiamento para a realización de estudos sobre estudantes egresados (grao e mestrado)	Enquisa online realizada por unha empresa externa ao alumnado egresado.	Conseguir datos actuais da situación laboral dos egresados dos graos e mestrados impartidos na nosa facultade.			
LE 5. Relacións coa Sociedade	OE 5.1 - Potenciar a divulgación, promoción e difusión	abril de 2024- decembro de 2026	AC 5.1.1.: Aumentar o número de actividades de divulgación ofertadas polo PDI e estudantes á sociedade ou a centros da USC ou ensino secundario.	Nº de actividades realizadas	Aumentar nun 10% o número das devanditas actividades			
		abril de 2024-	AC 5.1.2.: Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar	Nº de redes sociais, Nº de noticias	Aumentar nun 20% o Nº de redes sociais, o Nº de noticias			

		decembro de 2026	a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado.	colgadas, e Nº de interaccións en cada rede social	colgadas, e o Nº de interaccións			
		abril de 2024-decembro de 2026	5.1.3.: Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria.	Nº de visitas de profesores/as a centros de educación primaria	1 actividade/ano			
	OE 5.2 - Reforzar as relacións co COBGA	abril de 2024-decembro de 2026	AE 5.2.1.: Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado.	Nº de accións desenvolvidas, evolución das taxas de inserción	Incremento dun 10% no número de actividades desenroladas en conxunción co COBGA			

6.2.- LE 1: Estudantado e comunidade universitaria

6.2.1.- OE 1.1

LE 1: Estudantado e comunidade universitaria
OE 1.1.: Dinamización da facultade
<p>Xustificación do OE:</p> <p>Este OE articulase en tres eixos/accións estratéxicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incrementar a participación do PDI e alumnado nas distintas accións do Programa A Ponte (charlas temáticas, encontros na zona USC). É necesario aproveitar o atractivo do Centro para incrementar a participación do PDI e alumnado (programa titores) nas distintas accións do Programa A Ponte (charlas temáticas, encontros na zona USC), dándose a coñecer e presentándose como primeira opción para a continuación da formación do alumnado de secundaria/bacharelato. Deste xeito empregaremos o atractivo e prestixio do Centro así como potenciaremos a presenza da facultade nas redes sociais para afrontar a competencia das novas titulacións (universitarias, FP) e o descenso futuro na matrícula por cuestións socioeconómicas/ demográficas. • Incrementar o número de actividades culturais e deportivas así como participación dos diferentes grupos de interese da facultade e de fóra dela. O número de actividades culturais e deportivas decaeu notablemente nos últimos anos na nosa facultade por diversas causas, entre as que está a pandemia (pero non exclusivamente). Polo tanto, é necesario potenciar este tipo de actividades para promover unha formación complementaria, integral e continua do alumnado. Ademais, estas actividades culturais (concursos, exposicións, colocación de novas vitrinas nos corredores da facultade con mostras biolóxicas/xeolóxicas, etc) e deportivas deberán ser de interese para todos os membros da facultade (alumnado, PTXAS e PDI), favorecer as relacións cos departamentos e o resto da universidade e sociedade, e servir como revulsivo para dinamizar o noso centro. • Revitalizar as asociacións estudantís. O terceiro e último eixo é a revitalización das asociacións estudantís na nosa facultade, algunhas delas xa desaparecidas como “BioSant” e outras como “Bota e Bata” que atopan enormes dificultades para manterse activas e están en risco de disolverse.

Responsable do seguimento: Decano	Inicio: abril de 2024
	Fin: decembro de 2026
AC 1.1.1.: Incrementar a participación do PDI e alumnado nas distintas accións do Programa A Ponte (charlas temáticas, encontros na zona USC)	
Responsables da execución: Vicedecanos	Período de execución: abril 2024- decembro 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: Nº de PDI e de estudantes (titores) da facultade que participan no Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC"
	Meta: Incremento nun 10% no número de profesores/as e estudantes participantes.
AC 1.1.2.: Incrementar o número de actividades culturais e deportivas así como participación dos diferentes grupos de interese da facultade e de fóra dela.	
Responsables da execución: Vicedecanos	Período de execución: abril 2024- decembro 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: Nº de actividades culturais e deportivas realizadas
	Meta: Incremento nun 20% no número de actividades realizadas
AC 1.1.3.: Revitalizar as asociacións estudiantís	
Responsable da execución: Vicedecanos	Período de execución: abril 2024- decembro 2024
Evidencia documental: Memoria de Calidade	Indicador: Nº de asociacións de estudantes activas na facultade
	Meta: Manter a asociación de estudantes "Bota e Bata"

6.2.2.- OE 1.2

LE 1: Estudantado e comunidade universitaria	
OE 1.2.: Promoción de hábitos de economía circular	
<p>Xustificación do OE:</p> <p>Este OE levarase a cabo a través dunha única acción, que é a seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Promover hábitos de economía circular. Ten como propósito a promoción de hábitos de economía circular entre os distintos grupos de interese da facultade. A educación superior ten que ter un papel importante na concienciación da sociedade na transición cara unha economía circular, e dentro da universidade as Facultade de Bioloxía deben ser centrais. Así, en liña cos obxectivos de desenvolvemento sostible relacionados co medio ambiente e os procesos de economía circular, con esta terceira acción pretendese actuar de xeito directo reforzando o sistema de separación selectiva de refugallos no centro, especialmente nos laboratorios, así como de xeito indirecto acometendo campañas de concienciación para: a) potenciar a recollida e reciclado de residuos de carácter eléctrico e electrónico que se acumulan nos diferentes espazos da Facultade/CIBUS; b) Fomentar o uso de vasos/botellas/bolsas/cubertos re-utilizables. 	
Responsable do seguimento: Decano	Inicio: abril de 2025
	Fin: decembro de 2026
AC 1.2.1.: Promover hábitos de economía circular	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril de 2025- decembro de 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: Número de campañas de concienciación e Nº de espazos equipados con contedores de recollida selectiva de refugallos
	Meta: Dotar o 100% dos laboratorios para docencia práctica con contedores de reciclaxe selectiva.

6.3.- LE 2: Formación e docencia no novo contexto

6.3.1.- OE 2.1

LE 2: Formación e a docencia no novo contexto
OE 2.1.: Reforzar a función docente do PDI
<p>Xustificación do OE:</p> <p>Este OE concrétase en 4 accións, que descríbense a continuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <p>Apoiar desde a Facultade de Bioloxía as solicitudes dos departamentos de estabilización do PDI contratado. O colectivo do PDI está cada vez máis envellecido debido as baixas taxas de reposición. Así, no caso da 1ª edición do Grao de Bioloxía, a porcentaxe de profesorado funcionario sobre o PDI total segue sendo alta (indicador IN26G, panel de indicadores; 75.89%,17-18; 73.58%, 18-19; 78.18%, 19-20; 73.63%, 20-21; 69.57%, 21-22; e 72.83%, 22-23), e o mesmo acontece na 2ª edición do Grao de Bioloxía (73.08, 20-21; 72.6, 21-22; 77.94, 22-23) e no Grao de Biotecnoloxía, aínda que neste último é lixeiramente inferior (67.74%, 19-20; 68.63%, 20-21; 63.29%, 21-22; 64.77%, 22-23); isto implica que este profesorado ten unha elevada experiencia docente (Nº de quinquenios). Sen embargo, segue sendo necesario incentivar a selección e atracción do talento, así como tamén a súa retención, xa que unha porcentaxe significativa dos docentes que imparten clase na nosa facultade se atopan en situación inestable como profesores contratados doutores, axudantes doutores, asociados de universidade, Ramón y Cajal, investigadores JIN ou investigadores distinguidos. Cómpre impulsar a súa estabilización apoiando dende a facultade as peticións feitas desde os departamentos.</p> <p>Organizar actividades docentes en colaboración con grupos e institutos de investigación, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras. Se ben a experiencia investigadora/docente do PDI (Nº de sexenios e quinquenios) é elevada, non é menos certo que a vertixinosa evolución dos coñecementos nas Ciencias en xeral e da Bioloxía e Biotecnoloxía en particular, unida a paulatina especialización do PDI, fai necesaria procurar fórmulas para a cooperación puntual en cuestións docentes con investigadores especialistas en determinadas temáticas de</p>

grupos de institutos da contorna, da Rede de Estacións Biolóxicas da USC, ou de universidades nacionais/estranxeiras.

- **Fomentar a actualización do PDI en novas metodoloxías docentes, formación en destrezas/competencias e na aplicación da IA na docencia.**

Existe unha necesidade de mellorar a calidade na educación universitaria de xeito continuo. Sen embargo, nunha era post-COVID nas que as secuelas da epidemia aínda se fan notar e nas que produciuse un uso cada vez maior de novas tecnoloxías xunto coa renovación nas metodoloxías na educación supón un reto para un colectivo, o docente, bastante envellecido, pouco incentivado e que realiza unha función esencial pero pouco recoñecida. Sen embargo, é necesaria unha capacitación continuada e sostida deste colectivo en innovación docente e tecnoloxías de información e comunicación. A oferta crecente de cursos de PFID na USC, na que se inclúen o *podcasting*, aprendizaxe cooperativa e proxectos de innovación en aprendizaxe-servizo, uso de rúbricas, uso de ferramentas de intelixencia artificial, edición de vídeos, estatística (R, SPSS), competencias en información, técnicas de diversificación de avaliación, obradoiros de expresión oral, etc, ofrece unha boa oportunidade para lograr dita capacitación. Sen embargo, no curso 2022-23 a porcentaxe de participación do profesorado nos plans de formación non superou o 20% no caso dos mestrados e no Grao de Bioloxía (1ª e 2ª ed), e foi do 30.22% no caso do profesorado do Grao de Biotecnoloxía, namentres que foi do 69,23% a participación do PTXAS nese mesmo ano (indicador de calidade I6-I7, nivel facultade). Polo tanto, é importante propiciar desde a facultade os procesos de actualización do PDI e do seu rol como docentes, así como para transmitir novas habilidades aos/as egresados/as que estean aliñadas coas necesidades do mercado laboral e a sociedade e faciliten a súa empregabilidade.

- **Fomentar a participación do PDI en programas de intercambio.** O indicador de calidade I10 (Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título), proporcionado polo Centro de Datos e Procesos, amosa unha mobilidade nula (0%) do profesorado dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía desde o curso 2017-18 ata o 2022-23, exceptuando o curso 2021-22, con <4.5%. En base a

estes datos, é necesario fomentar desde a facultade os programas de mobilidade entre o PDI.	
Responsable do seguimento: Decano	Inicio: abril de 2024
	Fin: decembro de 2026
AC 2.1.1.: Apoiar desde a Facultade de Bioloxía as solicitudes dos departamentos de estabilización do PDI contratado	
Responsable da execución: Decano	Período de execución: abril 2024-decembro 2026
Evidencia documental: Número de accións de apoio	Indicador: Cartas de apoio
	Meta: O 100% das solicitudes de estabilización de profesorado vaian apoiadas pola Facultade de Bioloxía
AC 2.1.2.: Organizar actividades docentes dentro das horas expositivas/interactivas das materias en colaboración con grupos e institutos de investigación, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril 2024-decembro 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: Nº de actividades realizadas
	Meta: Incrementar o número de actividades nun 10%.
AC 2.1.3.: Fomentar a actualización do PDI en novas metodoloxías docentes, formación en destrezas/competencias e na aplicación da IA na docencia	
Responsable da execución: Equipo decanal.	Período de execución: abril 2024-decembro 2026
Evidencia documental: Indicador I6-I7 e memoria de calidade	Indicador: Nº de actividades de formación realizadas
	Meta: Incrementar o Nº de actividades de formación realizadas polo PDI nun 10%.

AC 2.1.4.: Fomentar a participación do PDI en programas de intercambio	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril 2024- decembro 2026
Evidencia documental: Indicador de calidade I10. Memoria de calidade.	Indicador: Nº de estancias realizadas polo PDI
	Meta: Incrementar o número de estancias nun 10%.

6.3.2.- OE 2.2

LE 2: Formación e a docencia no novo contexto
OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado
<p>Xustificación do OE:</p> <p>Si ben o anterior OE puña o foco nos docentes, o OE que nos ocupa o fai no alumnado e se centra nos 5 aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas. Maior valoración da formación práctica. Representantes do alumnado. INF09_2021-2022 o alumnado dos diferentes graos da universidade valorou positivamente a súa titulación (3,26 e 3,38 sobre 5, respectivamente), a formación teórica (3,65 e 3,74 sobre 5, respectivamente) e en menor medida a formación práctica (2,32 e 2,53 sobre 5, respectivamente). Prácticas externas, enquisas titores externos Grao Biotecnoloxía, items peor valorados son a “búsqueda de información axeitada e actual”, “iniciativa e toma de decisións”, “creatividade”, “coñecemento de técnicas e procedementos para o traballo”, “manexo de ferramentas (maquinaria, aplicacións informáticas, etc)”. • Mellorar o financiamento e as infraestruturas de prácticas (laboratorio/campo). Enquisa de coordinación 2021-22 necesidade de mellorar as prácticas de algunhas materias (Botánica II, Fisioloxía). Mellorar as infraestruturas dedicadas a docencia (estado das aulas e laboratorios, dotación en infraestruturas dos laboratorios) e os recursos económicos cos que se dotan as prácticas.

<ul style="list-style-type: none"> • Fomentar a participación do alumnado en programas de intercambio. Promover o intercambio do estudiantado a través dun maior número de convenios, xa que a mobilidade de estudantes é baixa na nosa facultade, especialmente no caso do Grao de Biotecnoloxía. • Incrementar a oferta de prácticas externas. Incrementar o número de convenios de prácticas en empresa, particularmente tamén no caso do Grao de Biotecnoloxía • Organizar actividades docentes extra-curriculares en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras. Reforzar o papel asesor en cuestións docentes do Comité Consultivo externo da Facultade e establecer un maior número de vínculos de colaboración co mundo empresarial (p. ex., Bioga, AMIFE, etc), asociacións (GalBioTec, COBGA), a biblioteca universitaria (BUSC), e á Rede de Estacións Biolóxicas da USC (REBUSC), promovendo accións de formación complementaria fóra das horas lectivas do alumnado. 	
Responsable do seguimento: Decano	Inicio: abril de 2024
	Fin: decembro de 2026
AC 2.2.1.: Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: xuño 2024-decembro 2026
Evidencia documental: Marco normativo elaborado	Indicador: Elaboración do marco normativo
	Meta: Elaboración do marco normativo
AC 2.2.2.: Mellorar o financiamento e as infraestruturas de prácticas (laboratorio/campo)	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril 2024-decembro 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: Cantidade invertida en prácticas e Nº de infraestruturas conseguidas.

	Meta: Aumentar nun 10% o financiamento das prácticas e o número de infraestruturas.
AC 2.2.3.: Fomentar a participación do alumnado en programas de intercambio	
Responsable da execución: Vicedecanos	Período de execución: abril 2024-decembro 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: Nº de alumnos/as que participan en diferentes programas de intercambio (SICUE, ERASMUS)
	Meta: Aumentar nun 10% o número de alumnos/as que participan en programas SICUE ou ERASMUS
AC 2.2.4.: Incrementar a oferta de prácticas externas	
Responsable da execución: Vicedecanos	Período de execución: abril 2024-decembro 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: Nº de convenios de prácticas externas
	Meta: Aumentar nun 10% o Nº de convenios de prácticas externas.
AC 2.2.5.: Organizar actividades docentes extra curriculares en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril 2024-decembro 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: Nº de actividades docentes extracurriculares
	Meta: Incremento do 10% no número de actividades docente extracurriculares

6.4.- LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade

6.4.1.- OE 3.1

LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade
OE 3.1.: Reforzamento da actividade investigadora
<p>Xustificación do OE:</p> <p>O OE xira entorno as seguintes catro accións/eixos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Facilitar, na medida do posible, a redistribución dos espazos de investigación e a mellora das infraestruturas. A desaparición de determinados grupos de investigación na facultade/CIBUS por diversas causas (traslados a outros centros, xubilacións, etc) está a liberar espazos que deben ser redistribuídos, unha responsabilidade da que se encarga a Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos. Por outro lado, existen na Facultade/CIBUS grupos de investigación cuxos membros están espallados por diferentes centros, polo que sería desexable a súa agrupación. Outra cuestión son os grupos que investigan en cuestións moi relacionadas coa Bioloxía/Biotecnoloxía pero que, sen embargo, están localizados en centros cuxa temática está bastante afastada. Finalmente, un tema adicional é a chegada a facultade/CIBUS de novos investigadores de programas competitivos (p. ex., Investigadores Distinguidos, Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, etc) que necesitan asentar os seus grupos nos espazos dispoñibles e que necesitan dunha mellora das infraestruturas de investigación para seguir sendo competitivos. Sen embargo, a situación actual da Facultade/CIBUS e a escasa dotación económica para facer fronte a reparacións ou incorporar novas infraestruturas (p. ex., salas de conxeladores, salas de fitotróns) non axuda a este proceso, o mesmo que a constante presión externa para ocupar espazos de investigación en detrimento dos grupos propios da facultade, polo que é necesario realizar accións para afrontar todos estes problemas. • Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación. Aos problemas mencionados anteriormente súmase a falta de coñecemento que o alumnado e o PDI ten das investigacións que se levan a cabo na Facultade/CIBUS, o

que fai que ditos grupos non sexan a primeira opción para a realización de TFGs, TFM's ou teses doutorais e que non xurdan sinerxías entre os grupos. Polo tanto, é necesario promover accións conducentes a un mellor coñecemento dos grupos de investigación e das súas actividades de investigación por parte de toda a comunidade da facultade e o fomento das sinerxías entre os propios investigadores asociados a Facultade/CIBUS así como cos presentes nos centros singulares da USC ou a Rede de Estacións Biolóxicas da USC (REBUSC).

- **Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía.** A incorporación de novos investigadores procedentes de programas competitivos ao CIBUS que desenvolven as súas investigacións no eido da Biotecnoloxía e a Investigación Biosanitaria fai necesario crear un entorno axeitado, con espazos de calidade, infraestruturas modernas e posibilidade de establecer sinerxías, para que poidan establecer os seus grupos e seguir sendo competitivos. A existencia de convocatorias específicas para a creación de centros e institutos de investigación suxire polo menos que se explore a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía.
- **Atraer novos investigadores á Facultade de Bioloxía/CIBUS.** A maiores das xa comentadas anteriormente, outra das razóns da fragmentación e perda da capacidade investigadora da Facultade/CIBUS é a presenza de PDI con praza de profesor asociadas a Facultade de Bioloxía que, sen embargo, trasladan as súas investigacións fóra dela. A falta de atractivo da Facultade/CIBUS está detrás desta incapacidade para reter o talento, polo cal é necesario empregar todos os mecanismos ao noso alcance para atraer novos investigadores.

Responsable do seguimento: Decano	Inicio: abril de 2024
	Fin: decembro de 2026
AC 3.1.1.: Facilitar, na medida do posible, a redistribución dos espazos de investigación e a mellora das infraestruturas	
Responsable da execución: Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos	Período de execución: abril 2024- decembro 2026

Evidencia documental: Actas da Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazo e Equipamentos	Indicador: Nº de espazos re-asignados e Nº de infraestruturas conseguidas
	Meta: Incrementar en polo menos 1-2 o número de infraestruturas dispoñibles para investigación na Facultade/CIBUS así como que o 80% das peticións de espazo realizadas polos investigadores á Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazo e Equipamentos sexan atendidas.
AC 3.1.2.: Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril 2024-decembro 2026
Evidencia documental: Memoria de Calidade	Indicador: Nº de accións (Nº de charlas de investigadores do centro ou externos sobre os seus proxectos de investigación, Nº de charlas de empresas biotecnolóxicas, Nº de convocatorias presentadas en conxunto polos grupos da facultade/CIBUS para a adquisición de infraestruturas científicas, etc).
	Meta: Incrementar nun 10% ditas accións
AC 3.1.3.: Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril 2024-decembro 2025
Evidencia documental: Actas das reunións	Indicador: Nº de reunións realizadas entre os investigadores do CIBUS

	Meta: Explorar a posibilidade de facer unha solicitude de creación dun centro de investigación e, de ser posible, executala.
AC 3.1.4.: Atraer novos investigadores á Facultade de Bioloxía/CIBUS	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril 2024-decembro 2026
Evidencia documental: Portal da investigación da USC	Indicador: Número de investigadores principais e os seus grupos de investigación
	Meta: Incremento en 1-2 investigadores/grupos de investigación

6.5.- LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)

6.5.1.- OE 4.1

LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)
OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC
<p>Xustificación do OE:</p> <p>Este OE concrétase entorno a catro accións, que son as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <p>Crear o posto de coordinador/a de calidade. O/a responsable de calidade do centro (RCC) é a persoa encargada do correcto funcionamento do SGC. As numerosas funcións do/a RCC son asumidas polo Vicedecano/a de calidade no caso da Facultade de Bioloxía. En todos estas funcións o/a RCC é asistido/a polo Equipo de Dirección (ED), os membros da CCC, e os/as coordinadores/as de título. Sen embargo, a excesiva burocracia asociada aos procesos de xestión da calidade fai necesario buscar xeitos a medio prazo de mitigar ese problema. O Manual do SGC da Facultade de Bioloxía permite crear o posto de coordinador/a de calidade, unha persoa nomeada pola/o decana/o da Facultade entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio á/ao Responsable de Calidade do Centro.</p> <p>Eliminar, na medida do posible, duplicidades do persoal nos órganos do SGC. Como acabase de dicir, a excesiva carga de traballo que involucran os procesos de calidade e os procesos de coordinación dos títulos de grao, e o feito de que nalgúns casos ambas funcións concorren as veces na mesma persoa, fai necesario buscar xeitos a medio prazo de mitigar ese problema. Polo tanto, urxe implicar a un maior número de membros da Xunta de Facultade en labores de calidade para evitar estes problemas de “<i>multitasking</i>”.</p> <p>Creación dun protocolo de coordinación vertical nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía. Os procedementos de coordinación están perfectamente establecidos (PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas). Os/as coordinadores/as dos distintos cursos, xunto co/a coordinador/a do grao, teñen un papel activo na planificación e seguimento das actividades docentes. Os coordinadores realizan a enquisa de percepción sobre o desenvolvemento</p>

da docencia das materias (Protocolo do SGC do centro) no primeiro e segundo semestre do ano. O bo funcionamento dos procedementos de coordinación tanto no Grao de Bioloxía como no de Biotecnoloxía queda reflectido ademais nos resultados dos informes das enquisas realizadas ao profesorado (Indicadores de calidade INF.14 e INF.23). Sen embargo, estes procesos céntranse na coordinación do profesorado do mesmo curso (coordinación horizontal), e non tanto na coordinación do profesorado de diferentes cursos (coordinación vertical). Polo tanto, un aspecto a mellorar é a implantación de procesos de coordinación vertical dentro das titulacións impartidas no centro, como o Grao de Bioloxía e o Grao de Biotecnoloxía.

- **Intensificar a relación coa ACMP para mellorar a formación en cuestións de calidade do PDI/PTXAS implicados no SGC.** O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) busca propiciar a mellora continua nas Facultades, permitindo acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e renovación dos títulos de acordo co RD 822/2021 e o RD 861/2010 así como a consecución ou mantemento da acreditación institucional do centros, de acordo co RD 640/2021. Sen embargo, o persoal (PDI, PTXAS, alumnado) que participa nos diferentes órganos do SGC (Comisión de Calidade do Centro, comisións de título dos diferentes graos, comisións académicas dos mestrados) moitas veces non ten a formación necesaria para desenvolver este tipo de tarefas, polo que é necesario intensificar a relación coa ACMP para anticipar cambios normativos e solicitar formación especializada en cuestións de calidade, especialmente para o persoal máis estable (PDI/PTXAS) e sobre todo cando se producen renovacións nos equipos de dirección das facultades.

Responsable do seguimento: Decano	Inicio: abril de 2024
	Fin: decembro de 2026
AC 4.1.1.: Crear o posto de coordinador/a de calidade	
Responsable da execución: Decano	Período de execución: abril 2024-maio 2025
Evidencia documental: Nomeamento	Indicador: Nomeamento
	Meta: Nomeamento

AC 4.1.2.: Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC	
Responsable da execución: Decano e Responsable de Calidade do Centro	Período de execución: abril 2024-maio 2025
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: Nº de duplicidades eliminadas
	Meta: Eliminar todas as duplicidades
AC 4.1.3.: Creación dun de protocolo de coordinación vertical nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía	
Responsables da execución: Coordinadores/as dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía	Período de execución: abril 2024-dECEmbro 2026
Evidencia documental: Documento que describa o protocolo de coordinación	Indicador: Protocolo de coordinación
	Meta: Conseguir dous protocolos de coordinación vertical, un para cada Grao
AC 4.1.4.: Intensificar a relación coa ACMP para mellorar a formación en cuestións de calidade do PDI/PTXAS implicados no SGC.	
Responsable da execución: Responsable de Calidade do Centro	Período de execución: abril 2024-dECEmbro 2024
Evidencia documental: Solicitudes de formación feitas	Indicador: Nº de solicitudes feitas
	Meta: Compromiso por parte da ACMP de impartir os cursos de formación con certa regularidade.

6.5.2.- OE 4.2

LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)
OE 4.2: Mellorar a información dos/as egresados/as
<p>Xustificación do OE:</p> <p>Este OE está baseado nunha única acción, que é a seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aproveitar as convocatorias existentes de financiamento para a realización de estudos sobre estudantes egresados (grao e mestrado). <p>Existe unha falta de comunicación cos egresados unha vez rematan os seus</p>

<p>estudios e abandonan a USC, o que dificulta coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos e a súa situación profesional. Así, os datos máis recentes sobre inserción laboral dos/as egresados/as foron subministrados pola ACMP (Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU). Secretaría General de Universidades. Y la Tesorería General de la Seguridad Social. Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones). Estes datos presentan a afiliación a seguridade social da cohorte 2015/16 nos catro anos seguintes a finalización dos estudos (2016/17, 2017/18, 2018/19 e 2019/20). Sen embargo, non se dispoñen de datos das cohortes posteriores (2016/17, 2017/18, 2018/19, 2019/20, 2020/21, 2021/22 e 2022/23). Polo tanto, é necesario aproveitar as convocatorias existentes de financiamento para a realización de estudos sobre estudantes egresados (grao e mestrado) e poder coñecer a situación real dos nosos egresados de grao e mestrado.</p>	
Responsable do seguimento: Decano	Inicio: abril de 2024
	Fin: decembro de 2026
<p>AC 4.2.1.: Aproveitar as convocatorias existentes de financiamento para a realización de estudos sobre estudantes egresados (grao e mestrado)</p>	
Responsable da execución: Responsable de Calidade do Centro	Período de execución: abril de 2024- decembro de 2026
Evidencia documental: Actas das Comisións de Título de Grao e das Comisións Académicas de Mestrado, Actas da Comisión de Calidade, Memoria de Calidade.	Indicador: Enquisa online realizada por unha empresa externa ao alumnado egresado.
	Meta: Conseguir datos actuais da situación laboral dos egresados dos graos e mestrados impartidos na nosa facultade.

6.6.- LE 5: Relacións coa Sociedade

6.6.1.- OE 5.1

LE 5: Relacións coa Sociedade
OE 5.1.: Potenciar a divulgación, promoción e difusión
<p>Xustificación do OE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <p>Aumentar o número de actividades de divulgación ofertadas polo PDI e estudantes á sociedade ou a centros da USC ou ensino secundario. O Centro participa no programa A Ponte da USC, mellorando a difusión das actividades docentes e investigadoras que se realizan na Facultade de Bioloxía entre o profesorado e o alumnado dos distintos centros de ensino secundario de Galicia. Tamén participa na Fase Autónoma Galega da Olimpíada de Bioloxía, organizada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA e a Asociación Olimpíada Española de Biología (OEB), así como está a organizar a segunda edición do “OutonoBioFest” e o curso de verán “A Bioloxía das Pequenas e Grandes Cousas”, dúas actividades abertas á sociedade. Sen embargo, cómpre seguir a profundar na participación da Facultade no programa A Ponte e noutras colaboracións con ensino secundario, acadar unha maior presenza da facultade na sociedade local a través de colaboracións con diferentes asociacións (Alumni, Ateneo, etc.) para organizar actividades de divulgación da actividade da facultade,</p> <p>Aumentar as canles de difusión para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado. É necesario fomentar o uso de redes sociais, xa que a visibilidade que ten a facultade a través de Facebook e Instagram é todavía pequena, con poucos seguidores e un número reducido de interaccións. Por tanto, cómpre aumentar o número de redes sociais (p. ex., Twitter/X, Youtube, LinkedIn) e sobre todo aumentar o número de interaccións. Como trátase dunha actividade que consume tempo, será necesario centralizar/profesionalizar dita función a nivel do PTXAS.</p> <p>Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria. Actualmente todas as actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía</p>

realízanse en centros de ensino secundario e FP. Sen embargo, é necesario deseñar tamén actividades focalizadas nos estudantes de educación primaria.	
Responsable do seguimento: Decano	Inicio: abril de 2025
	Fin: decembro de 2026
AC 5.1.1.: Aumentar o número de actividades de divulgación ofertadas polo PDI e estudantes á sociedade ou a centros da USC ou ensino secundario.	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril de 2024-decembro de 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: N ^o de actividades realizadas
	Meta: Aumentar nun 10% o número das devanditas actividades
AC 5.1.2.: Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado.	
Responsable da execución: Equipo decanal e Unidade de Xestión da Facultade	Período de execución: abril de 2024-decembro de 2026
Evidencia documental: Redes sociais e memoria de calidade	Indicador: N ^o de redes sociais, N ^o de noticias colgadas, e N ^o de interaccións en cada rede social
	Meta: Aumentar nun 20% o N ^o de redes sociais, o N ^o de noticias colgadas, e o N ^o de interaccións
AC 5.1.3: Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria.	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril de 2024-decembro de 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: N ^o de visitas de profesores/as a centros de educación primaria
	Meta: 1 actividade/ano

6.6.2.- OE 5.2

LE 5: Relacións coa Sociedade	
OE 5.2: Reforzar as relacións co COBGA	
<p>Xustificación do OE:</p> <p>Desde o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e outras entidades estanse a facer diversas accións que teñen como finalidade o recoñecemento dos biólogos como profesionais do ámbito sanitario ou ambiental, o que impide o acceso de biólogos/biólogas a certos lugares de traballo e prazas que requiren dita condición. É necesario polo tanto potenciar a colaboración e unha comunicación mais fluída Facultade-COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos. Tamén será útil esta colaboración para a difusión de ofertas de traballo e desenvolvemento de actividades que reforcen as taxas de inserción dos/as nosos/as egresados/as.</p>	
Responsable do seguimento: Decano	<p>Inicio: abril de 2024</p> <p>Fin: decembro de 2026</p>
<p>AC 5.2.1.: Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado.</p>	
Responsable da execución: Equipo decanal	Período de execución: abril de 2024- decembro de 2026
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: Nº de accións desenvolvidas, evolución das taxas de inserción.
	Meta: Incremento dun 10% no número de actividades desenroladas en conxunción co COBGA

7.- DESENVOLVEMENTO DO PE

7.1.- Comisión responsable da elaboración do PE

O equipo decanal da Facultade será o responsable de nomear a comisión ou grupo responsable para a elaboración do PE. Neste caso, a comisión responsable da elaboración do PE foi a Comisión de Calidade do Centro na súa totalidade, a fin de distribuír equitativamente tanto a responsabilidade, como a carga de traballo entre tódolos seus membros. Dita Comisión de Calidade estivo integrada por:

- Jesús Ángel López Romalde. Decano
- Román Vilas Peteiro. Secretario
- Francisco Javier Salgado Castro. Coordinador Grao en Bioloxía e responsable de calidade
- Javier Sampedro Jiménez. Coordinador Grao en Biotecnoloxía
- Carlos Pereira Dopazo. Coordinador do Máster de Acuicultura
- Miguel Angel Rodríguez Díaz. Coordinador do Máster de Neurociencia
- Jesús Domínguez Conde. Coordinador do Máster de Bioloxía Mariña
- Ángel Fernández Escribano. Coordinador do Máster de Biodiversidade Terrestre
- Concepción Lapidó Silva. Responsable da Unidade de xestión da Facultade de Bioloxía
- María Bernárdez García. Estudante
- Roberto Mourente Blanco. Estudante
- Uxía García Padín. Estudante
- Desiree Rodríguez Alvarez. Estudante

7.2.- Participación dos grupos de interese na elaboración do PE

De acordo co Manual de Procesos do SGC da Facultade de Bioloxía, en concreto co proceso PE-01 (Planificación Estratéxica), no seu punto 3 (ficha do proceso) indicase que o responsable do proceso é o equipo de dirección, e o cargo responsable o Decano/a da Facultade. Ademais, o equipo decanal da Facultade será o responsable de nomear a comisión ou grupo responsable para a elaboración do PE, así como de seleccionar os grupos de interese que deben ser consultados. Os grupos de interese implicados na elaboración do PE están conformados polo equipo de dirección, o profesorado, o alumnado, e o persoal de apoio, todos representados na Comisión de Calidade do Centro encargada da elaboración do PE. Para asegurar a participación de

todos os grupos de interese e de acordo co proceso PS-06 Información pública, o PE do centro elaborado inicialmente pola Comisión de Calidade do Centro foi difundido publicamente entre os diferentes grupos de interese (datas: desde o 28/02/2024 ata o 06/03/2024), incluíndo neste proceso de consulta ao Comité Consultivo Externo. A elaboración final do PE, tras a incorporación das propostas de cambios feitas polos grupos de interese, foi aprobada pola CCC na súa reunión do 07 de marzo de 2024. Finalmente, a ACMP emitiu un informe positivo con data 27/09/2024 e a Xunta da Facultade de Bioloxía (21/11/2024) e a Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno (/ /2024) aprobaron a versión definitiva do PE.

8.- DOCUMENTACIÓN ANEXA